

INTRO – ANTE TODO MOITA CALMA – METODOLOXÍA A SEGUIR

HISTORIA DA FILOSOFÍA 2019 - 20

2º BACH B 2º BACH C

Ola a tod@s!!!

Aproveitarei que xa demos a Hume en 2º B para empregalo nesta situación excepcional. Todas e todos tiñamos claro que, coma sempre, o tempo pasaría, chegaría final de marzo, chegaría Abril coa Semana Santa e tal vez unha viaxe ou descansar, ou preparar o fin de curso en Maio para ir nas datas de Xuño a ABAU. Pero Hume agora pódenos dicir iso que tan pouco nos gusta: “Ves? Xa cho dixen?”. Lembrades, tod@s CRÍAMOS que ía ser así, COMA SEMPRE, pensabamos en termos de necesidade (100%) entre Causa e Efecto (Teoría da Causalidade). Por que? Por COSTUME, HÁBITO, CRENZA E SENTIDO COMÚN, pero Hume avisounos de que no referente á experiencia, entre causa e efecto só hai probabilidade, non necesidade. Eu podería pensar, por exemplo: vale, eu podo deixar de ir ao instituto porque me poño enfermo ou calquera de vós tamén, pero nas nosas mentes NECESARIAMENTE (100%) O CURSO SEGUIRÍA E REMATARÍA COMA SEMPRE. POIS XA VEDES, HUME TIÑA RAZÓN. SE SON REALMENTE RIGOROSO (QUE NON PRÁCTICO) TEÑO QUE “SABER” QUE ATA AÍ NON ALCANZA A CAPACIDADE DE COÑECER DO SER HUMANO, XA QUE NON COÑECEMOS O FUTURO (NON ESTÁ INCLUÍDO NO NOSO “PAQUETE DE COMPRESIÓN DA REALIDADE”), DE XEITO QUE (SEN IR DE “PREPOTENTES”), SÍNTOO DI HUME, ATA QUE NON O EXPERIMENTE (FENOMENALISMO) NON SEI SE SE PRODUCIRA CON TOTAL CERTEZA, SÓ ACTUAREI PENSANDO QUE VAI PASAR O QUE SE SUPÓN VAI TER QUE PASAR COMO SEMPRE.

Polo tanto, como di Hume, empreguemos o sentido común e pensando na lóxica causa-efecto tentemos prepararnos o mellor posible nesta materia (tanto para aprobar ou sacar nota no curso, como para ir coas maiores garantías e probabilidade de sacar unha nota alta na ABAU quen así o decida.). Porque hai moitísimas probabilidade de que isto pase, así que tentemos sacarlle proveito. (En Psicoloxía falo máis de como afrontar todo isto dende a norma básica: NON SUFRIR INNECESARIAMENTE!! NON ANTICIPARSE NEGATIVAMENTE AO FUTURO, ETC!!!)

Ante todo calma. No tema do ditoso virus e no referente a este raro curso.

Situémonos. Estes son os estándares de aprendizaxe que nos mandou a CIUGA para todo o curso:

ESTÁNDARES HISTORIA DA FILOSOFÍA CURSO 2019-20

EN AZUL OS QUE XA TEMOS REMATADO EN 2º B E C – EN VERMELLO OS QUE FALTAN.
COMO VEDES, HAI TRES BLOQUES HISTÓRICOS

A) FILOSOFÍA ANTIGO-MEDIEVAL

A ORIXE DO COSMOS NA CORRENTE PRESOCRÁTICA.
DIALÉCTICA SOCRÁTICA E RELATIVISMO DOS SOFISTAS.
REALIDADE E COÑECEMENTO EN PLATÓN.
PLATÓN: ANTROPOLOXÍA E
POLÍTICA.
FÍSICA E METAFÍSICA EN
ARISTÓTELES.
ÉTICA E POLÍTICA EN ARISTÓTELES.
O PROBLEMA RAZÓN/FE NA FILOSOFÍA MEDIEVAL.

B) FILOSOFÍA MODERNA

DESCARTES: O PROBLEMA DO MÉTODO E A EVIDENCIA DO
COGITO.
O LIBERALISMO POLÍTICO DE LOCKE.
HUME: CRÍTICA DAS IDEAS DE SUSTANCIA E CAUSALIDADE. (2ºB)
HUME: CRÍTICA DAS IDEAS DE SUSTANCIA E CAUSALIDADE. (2ºC)
RAZÓN E PROGRESO NA ILUSTRACIÓN.
OS LÍMITES DO COÑECEMENTO EN KANT.
A LEI MORAL EN KANT.

C) FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA

ALIENACIÓN E IDEOLOXÍA EN MARX.
NIETZSCHE: CRÍTICA DA CULTURA OCCIDENTAL.
ORTEGA Y GASSET: A RAZÓN VITAL.

Como xa lle deixara caer (daquela maneira) a un dos vosos compañeiros no que confío plenamente, a miña idea (que é a que imos levar á práctica noutras circunstancias) era que o derradeiro exame para a nota final do curso de Historia da Filosofía fose o de Kant (como fixemos hai dous cursos con bos resultados na ABAU), e o de Marx, que xa tiña preparado, só para practicar de xeito orientativo aquelas persoas que pensaran ir á ABAU con Hª da Filosofía e para que o resto (que supostamente tería atendido na clase, hehe) puxeran o pouco ou moito que estudaran ou lembraran da pregunta teórica de Marx: “Alienación e

ideoloxía”. Como vedes, faltaba pouca materia por explicar para quen non fora a ABAU con Hª Filosofía: Kant en 2º B e o que queda de Hume e Kant en 2º C.

Así que, QUE NOS QUEDA POR EXAMINAR PARA APROBAR A MATERIA? Pois **1) o exame de Descartes, Locke ou Hume**, dos que tedes os modelos correspondentes nesta páxina (aínda que xa os entregara na clase) E **2) O exame de Kant**.

Respecto ao exame de Kant, deixar claro que, como xa sabe 2º B, haberá que entregar un **traballo sobre “Razón e Progreso na Ilustración”**. Isto, para quen o aproveite, creo que implica moitas vantaxes: A) Se o fas minimamente ben, sempre podes sumar algo (ata un máximo de 1,5) por se non che sae moi alá o exame de Kant. Iso si, lembra que se non o entregas dentro do prazo perdes -1,5 puntos respecto á nota global do exame de Kant. B) Ao considerar traballada a citada pregunta: “Razón e progreso na Ilustración” (da que tedes unha síntese específica para a ABAU de folio e pouco nos apuntamentos de Kant), **xa sabemos que nos van caer si ou si as dúas preguntas restantes na teoría: “Os límites do coñecemento en Kant” ou “A lei moral en Kant”**. Non sabemos cal valerá 3 puntos + 3 do texto a partir dela e cal só tres puntos. Pero se estudas (e xa non digamos se entendes) o que vou ir explicando, terías 6 puntos referidos exactamente a dúas preguntas concretas de teoría. Veña, ánimo!!!!

Teimar, para quen pense ir con esta materia á ABAU, que na práctica, xa estamos case totalmente preparados para ir con garantías. Porque lembre que hai dúas opcións no exame da ABAU, que se basean nos seguintes criterios:

“Nas dúas opcións que presentará o exame, A e B, estruturarase do seguinte xeito:

1. Un estándar de aprendizaxe dun dos tres bloques históricos acompañado dun fragmento ilustrativo do mesmo. A resposta consistirá en comentar o fragmento (sempre extraído da antoloxía de Textos que figura na web da CIUG) e, a partir do devandito comentario, desenvolver o estándar. A cualificación máxima desta primeira parte será de 6 ptos. (o 60% da proba), **3** para o comentario e **3** para a resposta á cuestión.

2. Un estándar de aprendizaxe duns dos dous bloques históricos restantes.

(FIXÁDEVOS: SE ME CAE UN AUTOR DE FILOSOFÍA MODERNA, SUPOÑAMOS LOCKE, XA NON ME PODE CAER NESA OPCIÓN UNHA PREGUNTA DOUTRO AUTOR DA FILOSOFÍA MODERNA, É DICIR, NIN DESCARTES, HUME (OPCIÓN B) OU KANT), ASÍ QUE SE PREPARO A OPCIÓN A), SÓ ME PODERÍA CAER (PRESOCRÁTICOS?, RARO) PLATÓN OU MARX , E SE PREPARO A OPCIÓN B E ME CAE SUPOÑAMOS HUME, XA NON ME PODEN CAER NIN DESCARTES OU LOCKE (OPCIÓN A) E DA MESMA ÉPOCA DA FILOSOFÍA), NIN RAZÓN E PROGRESO NA ILUSTRACIÓN (KANT) PORQUE TAMÉN É UN TEMA DA FILOSOFÍA MODERNA IGUAL QUE HUME. ASÍ QUE CAERÍAME DE SEGUNDA PREGUNTA: (SOFISTAS (PLATÓN)?, RARO), ARISTÓTELES, FILOSOFÍA MEDIEVAL, NIETZSCHE OU ORTEGA (NON MARX , POR SER OPCIÓN A) SE NON ENTENDEDES BEN ISTO, CONSULTÁDEME*~*~*~*

A resposta consistirá no desenvolvemento do estándar. A cualificación máxima desta segunda parte será de **3** ptos. (o 30 % da proba).

- 3. Catro breves preguntas semiabertas referidas ao terceiro bloque histórico restante.** Propóranse dous conceptos para identificar ao filósofo relacionado con cada un deles; tamén se pedirá o título de dúas obras. A cualificación máxima desta terceira parte será de **1** pto. (o 10 % da proba).

E, DE NOVO, EN AZUL O QUE TEMOS DADO EN 2ºB E CASE DADO EN 2º C*

Opción A

Opción B

A orixe do cosmos na corrente **PRESOCRÁTICA**

Dialéctica **socrática** e relativismo dos **SOFISTAS**.

Realidade e coñecemento en **PLATÓN**.

Física e metafísica en **ARISTÓTELES**.

PLATÓN: antropoloxía e política.

Ética e política en **ARISTÓTELES**.

DESCARTES: o problema do método e a evidencia do cogito. O problema razón/fe na **FILOSOFÍA MEDIEVAL**

O liberalismo político de **LOCKE**.

HUME: crítica das ideas de substancia e causalidade*

Os límites do coñecemento en **KANT**.

Razón e progreso na **ILUSTRACIÓN**.(CASA)

A lei moral en **KANT**.

NIETZSCHE: crítica da cultura occidental

Alienación e ideoloxía en **MARX**.

ORTEGA Y GASSET: a razón vital.

Podedes ver, que para completar TODA A OPCIÓN A), só nos queda KANT + MARX (para ir co 100% de probabilidades) de que se estudas ademais PLATÓN + DESCARTES+ LOCKE, nesa opción tes “preparados” todos os autores!!!👉👉👉

E para ir co 100% de probabilidades en opción B), faltaríanos NIETZSCHE e ORTEGA. Que traballarei con aquelas persoas que pensen ir á ABAU con esta materia.

AGARDO QUE ISTO VOS TRANQUILICE.

METODOLOXÍA A SEGUIR

O que teño pensado é cada día, gravar una clase como as “normais” e máis menos ir tentando rematar apartados concretos, avanzando cada páxina da teoría, procurando poñer exemplos e explicando aquelas palabras, conceptos, expresións, detalles que supoña vos van dar máis dificultades ou que considere de interese especial (E COMO NON, OS TEXTOS!!!!!!). **Ti escoitas a clase COS APUNTAMENTOS DIANTE, POR FAVOR!!!! E una vez rematada levantas a man e envíasme un ou un cento de correos coas posibles dúbidas. A ver que tal. “Vémonos” o luns 16 de Marzo. 2º C – Hume: páx 25; 2º B – Kant: páx. 2. Coidádevos!!!**

DÍAS DE CLASE

"CORONAVIRUS" LOGO EXISTO

Lembrede, irei subindo as clases por días segundo nos correspondían no horario. Ou sexa:

LUNS:

Historia da Filosofía - 2º C

Historia da Filosofía - 2º B

MARTES:

Psicoloxía

Historia da Filosofía - 2º C

Historia da Filosofía - 2º B

MÉRCORES:

Historia da Filosofía - 2º B

Psicoloxía

Historia da Filosofía - 2º C

XOVES:

Psicoloxía

Historia da Filosofía - 2º B

VENRES:

Valores éticos 2º

Historia da Filosofía - 2º C